



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE MARZO DE 2020

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2020/00005506Y.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia

2. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2020/00005492S.

Designación do equipo técnico para as operación de liquidación do contrato de Xestión do Ciclo Integral da Auga.

Desíganse ao equipo técnico.

3. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 0.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos pagos a conta á empresa “Urbaser, S.A.” pola realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria no mes de outubro por importe de 663.030,36 euros.

Autorízase, dispónse e recoñécese a obriga de liquidación dos citados gastos.

4. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 0.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos pagos a conta á empresa “Urbaser,S.A.” pola realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria nos meses de xullo, agosto e setembro do ano 2020, por importe de 1.992.259,08 euros

Autorízase, dispónse e recoñécese a obriga de liquidación dos citados gastos.

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2020/00000132L.

Recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións de axudas inviduais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presenten limitación para o uso do transporte colectivo do concello de santiago de compostela. ano 2020. (BOP N° 52 DE 17/03/2020)

Apróbanse as xustificacións presentadas por 27 particulares que percibirán, na súa maioría, o abono da contía xustificada, cun máximo de 350 euros. O importe destes abonos ascende a 3.311,7 euros.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/53/2019.

REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DE Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico, e do túnel urbano do Hórreo, no termo municipal de Santiago de Compostela.

Acórdase reaxustar as anualidades do citado contrato con Kapsch Trafficcom Transportation SA, para adaptalas á realidade do servizo; quedando da seguinte forma:

- Anualidade 2021: 663.119,12 euros.
- Anualidade 2022: 663.119,12 euros.
- Anualidade 2023: 663.119,12 euros.

(As anualidades anteriores eran de 165.779,78 euros en 2020; 663.119,12 euros nos exercicios 2021 e no 2022; e 497.339,34 euros en 2023).

7. DEPORTES. Referencia: 3483/2020.

Dar conta da sinatura do Convenio coa Federación Gallega de Karate y Disciplinas Asociadas, 2020.

Dase conta do citado convenio, por importe de 3.500 euros.

8. DEPORTES. Referencia: 3482/2020.

Dar conta da sinatura do Convenio co Club Ciclista Compostelano, 2020.

Dase conta do citado convenio, por importe de 4.800 euros.